


DOCUMENTO	IDENTIFICADORES	
Documento de TREWA: Acta económica, Ref. S -11-2015	a: TD13_INFORME, b: 59630 65378	
OTROS DATOS	FIRMAS	ESTADO
Código para validación: Z0KIK-JFVWO-0GH49 Fecha de emisión: 23 de noviembre de 2015 a las 10:34:16 Página 1 de 1	El documento ha sido firmado por : 1.- TEC. SUP. CONTRATACION de AYTO.CORUÑA.Firmado 19/11/2015 09:35 2.- CONCELLEIRA DE FACENDA E ADMON. de AYTO.CORUÑA.Firmado 21/11/2015 21:24	FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 538741 Z0KIK-JFVWO-0GH49 FAE01442B3E93BC4B0F40496865781A49A6571) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Servizo de Contratación
Ref. S-11/2015 430ZI10P2 430/2015/75
Acta apertura económica

Presidenta
Mª Eugenia Vieito Blanco

Vogais
Ángel David Murado Codesal
Marta García Pérez
Loreto Díaz Sánchez
Beatriz Mariño Vila

Secretaria
Irene Louro Quintela

Membros electos con voz e sen voto
Asistentes:
José Manuel Dapena Varela (PSOE)

Na Biblioteca adscrita á Secretaría Xeral das Casas Consistoriais da Cidade da Coruña, sendo as oito horas e trinta e cinco minutos do día dezaioito de novembro de dous mil quince, constituíuse a Mesa de Contratación para proceder á apertura das proposicións económicas do **procedemento aberto con diversos criterios de adxudicación para a contratación da subministración dun elevador portaféretros para o Cemiterio Municipal de Santa Cecilia de Feáns.**

Declarado aberto e público o acto, Dna. Irene Louro Quintela informa da proposición recibida e o nome do licitador, advertindo aos interesados presentes que poden examinar os sobres presentados, sen que fagan uso deste dereito, polo que tácitamente renuncian ao mesmo.

Seguidamente notifica aos presentes o resultado da cualificación dos documentos presentados indicando que todas as proposicións foron admitidas, e, antes da apertura da proposición económica, Dna. Irene Louro Quintela, convida os asistentes a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, sen que fagan uso deste dereito, polo que tácitamente renuncian ao mesmo.

A continuación procédese á apertura da única proposición económica, resultando ser:

Número un y única. Proposición que presenta D. Alejandro Rodríguez Ponce, en representación de **CLEM ECOLOGIC, S.L.**, que decatado do anuncio de licitación e dos pregos de condicións que o regulan, que acepta integramente e comprométese a acatar, formula proposición optando á adxudicación polo seguinte prezo de **corenta e cinco mil novecentos dezanove euros con cincuenta céntimos (45.919,50 €)** IVE incluído.

- Ofrece un prazo de garantía de 3 anos (36 meses).
- Ofrece unha maior altura da plataforma elevadora a partir de 4,50 metros medidos desde o chan de :1,00 metro, sendo por tanto a altura total de 5,50 metros.

Finalizada a lectura da proposición económica, por Dna. Irene Louro Quintela convídase os asistentes a que expoñan cantas reclamacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, sen que ningún dos presentes faga uso deste dereito.

Seguidamente, a porta pechada, a Mesa de Contratación comproba que única empresa admitida e presentada, presento unha oferta económica que se axusta ao tipo de licitación, e ser oferta única, a Mesa acorda no acto **requerir** a **Clem Ecologic, S.L.**, a presentación da documentación previa á adxudicación mencionada no artigo 151.2 do RDL3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as oito horas e corenta minutos do día ut supra indicado, dáse por finalizado este acto e esténdese a presente acta, do que dou fe como secretaria.

Vito e Prace

A presidenta da Mesa

A secretaria da Mesa

Asdo.: Mª Eugenia Vieito Blanco

Asdo.: Irene Louro Quintela